

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. As seguintes palabras son de xénero feminino en lingua galega, agás:

- A) Análise.
- B) Apendicite.
- C) Bronquite.
- D) Sangue.

2. Escolla a definición correcta da palabra fervenza na lingua galega:

- A) Febre moi alta.
- B) Desnivel brusco ou pronunciado no leito dun río onde se precipita a auga.
- C) Cousa fedorenta.
- D) Afluencia numerosa de persoas ou animais en movemento.

3. Sinale a opción CORRECTA en lingua galega, para referirse ao vehículo preparado para o transporte de feridos e doentes a centros sanitarios:

- A) Ambulancia.
- B) Andas.
- C) Angarellas.
- D) Padiola.

4. Como se denomina cada un dos membros que, xunto co alcalde, teñen ao seu cargo a administración dun municipio?

- A) Conselleiro.
- B) Concelleiro.
- C) Concellal.
- D) Concexal.

5. As seguintes palabras son de xénero masculino en lingua galega, agás:

- A) Mel.
- B) Sal.
- C) Garaxe.
- D) Calor.

6. Sinale o plural INCORRECTO na lingua galega:

- A) O plural de papel é papeis.
- B) O plural de candil é candís.
- C) O plural de túnel é tuneis.
- D) O plural de difícil é difíciles.

7. Nomes de cores. Sinale a opción CORRECTA:

- A) Naranxa.
- B) Bermello.
- C) Amarelo.
- D) Azul.

8. Dos seguintes verbos, indique cal é o participio INCORRECTO en lingua galega:

- A) Vivir/Vivido.
- B) Sorrir/Sorrído.
- C) Sufrir/sufrido.
- D) Dcir/Dicido.

9. Que significa a palabra axiña na lingua galega?

- A) Rexión do corpo situada debaixo do brazo no punto en que este se une co tronco.
- B) Nun breve espazo de tempo.
- C) Afirmación tan evidente e clara que é admitida sen necesidade de demostración.
- D) Ningunha resposta é correcta.

10. Indique a forma CORRECTA en lingua galega para o número cardinal 16:

- A) Deza seis.
- B) Daza seis.
- C) Dezaseis.
- D) Dazaseis.

Preguntas de reserva

1. Das seguintes frases, indica cal é a INCORRECTA na lingua galega:

- A) Esos motores son diésel.
- B) Aqueles motores son de gasolina.
- C) Estragou este motor.
- D) Este coche tivo unha avaría no motor.

2. Indique a serie de formas verbais correcta na lingua galega:

- A) Comín, comiches, comeu.
- B) Comín, comistes, comeu.
- C) Comín, comías, comeu.
- D) Comín, comerías, comeu.